

EDUCACIÓN: O MOTOR DE CAMBIO DA NOSA SOCIEDADE

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é para os e as socialistas equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade.

Educación de calidade que significa potenciar e dignificar o noso sistema educativo e o seu principal activo: a rede pública de ensino. Un sistema educativo que para nós debe integrar as seguintes características:

1. Sistema educativo **público, universal, gratuíto, científico e laico**.
2. Un modelo onde **excelencia e equidade** van da man de forma inescusable.
3. Un sistema educativo **inclusivo**, que entende a diversidade como riqueza e que ofrece niveis de excelencia para todas e todos, incorporando os instrumentos de compensación precisos co fin de borrar a desigualdade de orixe.
4. Un modelo que incorpora os principios de **coeducación, autonomía e convivencia**.
5. Un modelo educativo **plurilingüe**, no que o alumnado acade competencias plenas tanto en galego, lingua propia de Galicia, como en castelán, e onde a capacitación en linguas estranxeiras sexa tamén unha realidade.
6. O goberno socialista garantirá a liberdade de conciencia individual e a independencia efectiva da Xunta de Galicia respecto a calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, asegurando a neutralidade ideolóxica da administración autonómica e comprometéndonos a eliminar calquera tipo de privilexio ou discriminación dirixida a favorecer determinadas entidades. Traballaremos para asegurar unha educación pública e laica, como dereito universal, igual e integrador, dentro dun proxecto común de cidadanía.

Só desta forma a educación será esa formidable panca de promoción da igualdade en todas as súas dimensións. Igualdade de oportunidades, de xénero e igualdade social como proceso aberto de mobilidade social e profesional, así como para lograr de forma plena todos os dereitos da cidadanía.

Os continuos recortes que se estiveron a levar a cabo, ao abeiro da crise, polas distintas administracións educativas deterioraron a calidade do ensino que reciben os nosos fillos e fillas.

Ademais, coa aprobación e entrada en vigor da LOMCE pretendeuse dar unha volta aos sistemas educativos e instaurar unha escola baseada na competitividade e na mercan-

tilización, na segregación e exclusión dunha parte do alumnado, na recentralización das competencias educativas, na perda de participación da comunidade educativa e na escaseza de investimento en educación, tal e como evidencia a insuficiente memoria económica que acompañou a citada e controvertida lei.

Por tal motivo, nunha situación como a actual, ou noso partido está **máis comprometido que nunca coas reivindicacións dos distintos sectores da comunidade educativa.**

UN GRANDE ACORDO: LEI GALEGA DE EDUCACIÓN

É necesario un grande acordo sobre a educación. Por iso, desde ou noso partido formulamos a necesidade dun **Pacto de Estado** pola Educación que sirva de marco de referencia para deseñar a política educativa española e poida atender as novas realidades e as novas necesidades que demanda a sociedade española e os obxectivos asumidos na Estratexia de Lisboa, en referencia á converxencia europea. Un pacto que deberá ter en conta o modelo territorial de España e as competencias en materia educativa das distintas administracións.

Desde Galicia participaremos de forma proactiva, como comunidade autónoma con competencias plenas en materia educativa, no proceso de consolidación dun Pacto de Estado pola Educación, a través da Conferencia Sectorial de Educación e das plataformas que se habiliten para tal fin.

Precisamos desenvolver unha ampla concertación social democrática encamiñada a un acordo nacional galego pola educación, como estratexia política e contexto onde poderemos asentar unha **Lei Galega de Educación**, concorde cun novo escenario constitucional español, e onde se afirme a vontade cívica e política de futuro da cidadanía galega, e en consecuencia:

Propostas concretas

1. Abriremos un **proceso de participación democrática e debate** no que se inclúan todos os sectores e axentes participantes no sistema educativo. Un proceso que estimule consensos e acordos e que facilite vías diversas e plurais de participación do conxunto da sociedade galega e, en especial, dos sectores da comunidade educativa, axentes sociais e expertos máis implicados coa educación.
2. Deseñar un modelo educativo de futuro é unha tarefa que precisa acometerse contando cunha diagnose sólida e rigorosa do noso sistema educativo. Cómpre, pois, realizar un **Libro Branco do Sistema Educativo Galego** que, realizado por expertos independentes do goberno, nos permita extraer conclusións do estado actual do noso sistema educativo e trazar liñas de actuación ben fundamentadas.

3. Conformaremos unha **Axenda de Urgencia** que permita paralizar os efectos perniciosos que a **LOMCE** implantou no sistema educativo e participar activamente nas accións que formen parte do proceso de **derrogación** da citada lei.

A NOSA LINGUA: UN CONSENSO NECESARIO

Cómpre recuperar o consenso articulado en torno ao modelo lingüístico a desenvolver nos centros educativos e que foi roto polo actual goberno de Núñez Feijóo, quen impuxo un marco normativo en contra dos sectores da comunidade educativa e da sociedade galega.

Xa que logo, acadar un amplo acordo resulta unha tarefa imprescindible para lograr a aprobación dun novo decreto que estableza o papel da lingua galega no sistema educativo e que continúe coa liña de consenso iniciada no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que continuou coa elaboración do decreto 124/2007 do goberno de Touriño, e que rachou de forma unilateral o goberno de Núñez Feijóo.

“A lingua é a expresión da nosa identidade, da nosa propia personalidade como ser colectivo”, as palabras de Ramón Piñeiro seguen a reflectir o noso sentir sobre a lingua.

Sempre seremos os primeiros en defender a liberdade lingüística de cada persoa. A cidadanía debe ter o dereito a facer a súa vida en calquera dos dous idiomas, galego ou castelán, e as administracións deben asegurar o marco da convivencia lingüística. Ao mesmo tempo, e coa mesma firmeza, consideramos que o sistema educativo galego debe garantir á nosa mocidade competencias plenas semellantes tanto en lingua galega como en lingua castelá ao remate do ensino obrigatorio.

MEDIDAS PARA UN MODELO EDUCATIVO DE EQUITADE E EXCELENCIA

Pretendemos un modelo educativo para Galicia onde excelencia e equidade vaian da man, pois o camiño contrario, excelencia sen equidade, só leva a modelos elitistas que só cabe rexeitar.

Un sistema educativo para todos e para todas, e coa participación e implicación do conxunto da sociedade, necesita da implantación de medidas que permitan consolidar ese modelo educativo que pretendemos implantar.

Medidas que afectan a todos os ámbitos educativos e que desde a administración educativa pretendemos pór en práctica, sabedores da urxencia da súa implantación e que concretamos do seguinte xeito:

Propostas concretas en materia de convivencia nos centros

1. Deseño e posta en marcha dun **Plan de Convivencia** no que todos os membros da Comunidade Educativa estean implicados, dando especial protagonismo aos e ás estudantes na xestión e resolución de conflitos, aos que se involucrará en plans formativos para estas tarefas.
2. **Cursos de formación** a estudantes e docentes de xestión e resolución de conflitos.
3. Impulsar a implantación de plans de autoprotección en todos os centros educativos galegos.
4. Aposta decidida pola **Prevención de Riscos Laborais** no sector docente que contribúan a combater problemas existentes relacionados cos niveles de tensión e estrés, *burnout*, *mobbing* e/ou outras situacións de acoso e presións laborais.

Propostas concretas en materia de docentes, ratios e cadros de persoal nos centros

1. Recuperación progresiva das **condicións de traballo** do profesorado existentes no momento de entrada dos gobernos do PP.
2. Implantación progresiva de **ratios** máximas de 20 alumnos e alumnas en educación infantil, 25 en primaria e 30 en bacharelato, sen que contabilice o alumnado repetidor.
3. **Desdobramentos e dotación** de profesorado de apoio que permitan a **atención á diversidade**.
4. Promover, xunto co Goberno de España, un **novo sistema de acceso á docencia** similar ao MIR sanitario.
5. Aposta por un **novo modelo de formación permanente do profesorado** que aproveite, de xeito eficaz, as posibilidades de formación en liña e as novas metodoloxías docentes.

Propostas concretas en materia de organización e funcionamento dos centros:

1. Potenciar o protagonismo dos **proxectos educativos do centro** e garantir as condicións para o seu desenvolvemento.
2. Favorecer e incentivar aos **centros innovadores** e potenciar a súa xestión descentralizada.
3. Implantar de forma continua e progresiva a **aprendizaxe por proxectos** e outros programas de innovación educativa.
4. Reforzar e mellorar a **dirección dos centros**, as súas funcións e condicións profesionais, para que exerzan liderado pedagóxico e democrático.
5. **Asegurar os recursos humanos e materiais** necesarios para atender o alumnado en toda a súa diversidade.
6. Elaborar novos **Regulamentos Orgánicos de Centros**, negociado cos representantes da comunidade educativa.
7. **Eliminar os concertos a centros que segregan alumnado por cuestión de sexo.**
8. Aproveitar de forma habitual na escola os medios de comunicación e **internet** como recursos formativos, e impulsar o seu **uso eficiente, crítico e responsable.**
9. Afondar na **democratización dos centros e no grao de autonomía** destes.
10. Impulsar **políticas de atención ás familias**, especialmente en medios socialmente desfavorecidos.
11. Potenciar o traballo dos **educadores e das educadoras sociais e os mediadores e as mediadoras culturais** co alumnado e as súas familias.

Propostas concretas en materia de educación en valores e igualdade:

1. **Impulsar e fortalecer as experiencias** que xa están en marcha en moitos centros e comunidades educativas, que se encamiñan ao **ensino de valores** comúns e necesarios entre nenos e nenas do noso país, pero que en moitas ocasións se realizan pola dedicación incondicional e extremadamente voluntarista de docentes e asociacións de nais e pais.

2. **Estender tales formatos de ensinanzas**, que se difundan a través da potenciación das actividades non expresamente curriculares, e que fomenten aspectos centrados na igualdade, na colaboración, na tolerancia e na solidariedade.
3. Incluir a **oferta obrigatoria** de materias que fomenten a educación en valores.
4. Fomentar a realización de actividades que introduzan os nenos e as nenas en aspectos sociais de **convivencia cívica como o asociacionismo**, o eido cultural ou deportivo, o funcionamento democrático e aquelas cuestións que favorezan unha conciencia crítica e participativa.
5. Traballar para **eliminar o currículo oculto**, reforzando a formación en igualdade para os docentes e o alumnado.
6. Redución da desigualdade educativa que afecta a nenas e nenos xitanos, marcando como obxectivo reducir á metade (do 63,7% ao 32%) a taxa de abandono escolar temperá.

PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

Propostas concretas

1. Aumentar o número de prazas públicas en escolas infantís, sobre todo naqueles lugares e hábitats máis desfavorecidos, corrixindo os déficits existentes, co obxectivo de universalizar o dereito á escolarización nesta etapa.
2. Revisión e posta ao día do mapa escolar de Galicia.
3. Posta en marcha dun Plan Plurianual de mantemento das instalacións dos centros educativos os galegos.
4. Posta en marcha dun Plan Plurianual de equipamentos didácticos, fundamentalmente material informático e de talleres de formación profesional.
5. Gratuidade universal dos libros de texto e material escolar, mediante a recuperación do sistema de préstamo universal.
6. Revisión do modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, de modo que se implante un modelo sostible e coa participación necesaria da administración local.

7. Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino postobrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.
8. Eliminación progresiva da FENDA DIXITAL entre centros das cidades e centros do rural.
9. Facilitar a conexión entre administracións que permita aos centros educativos o acceso a instalacións e actividades culturais e deportivas municipais, e á cidadanía a utilización das instalacións dos centros educativos, mediante o establecemento dun convenio coa FEGAMP.

Propostas concretas no eido da aprendizaxe de linguas estranxeiras:

1. **Plan de implantación de profesores nativos** nos centros de ensino.
2. **Revisión do actual modelo de centros plurilingües** mediante a adopción de medidas de choque que corrixan o actual fracaso do modelo existente.
3. Continuar e aumentar os **programas en versión orixinal** en horario infantil.

Propostas concretas no eido da formación profesional:

1. **Adequar, de xeito efectivo, a oferta de prazas nos ensinos de formación profesional ás demandas do tecido produtivo**, impulsando os traballos paralizados polos sucesivos gobernos de Núñez Feijóo en materia de Formación Profesional relativos á creación de mapas comarcais que permitan adecuar e optimizar a oferta de títulos e prazas.
2. Recuperar a creación do Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia (Indaga), como núcleo de transformación do noso modelo de formación profesional. Un centro que, entre outras materias, se ocupará de impulsar proxectos de I+D+i en colaboración coas universidades, da xestión de calidade nos centros e da formación do profesorado.
3. Coa participación do Consello Galego de Formación Profesional, **deseñar un Plan Estratéxico de Impulso á Formación Profesional**, de forma que responda ás necesidades derivadas dun novo modelo de crecemento sostible e permita acadar os niveis dos países do noso contorno.
4. Promover o modelo de Centros Integrados de Formación Profesional.

5. Lograr unha **maior articulación coa administración do estado e cos axentes sociais**.
6. Elaborar programas conxuntos a nivel europeo, **aumentando as prazas de alumnos en prácticas nos países da UE**.
7. Fomentar a **continuidade na Formación Profesional** de grao superior dos e das titulados e tituladas de grao medio.
8. Para aqueles estudantes que rematen os estudos de ciclo inicial, elaborar programas de acompañamento e elaboración de itinerarios personalizados de inserción laboral para evitar o desemprego temperán.
9. Potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, fomentando as estadias periódicas non estranxeiro de alumnado e profesorado.
10. Potenciar a formación profesional dual mediante **políticas coordinadas entre a administración educativa e a laboral**, de xeito que as empresas acaden un marco eficaz que dea resposta ás súas necesidades produtivas.

Propostas concretas en materia de Educación Permanente e de Adultos:

1. Facilitar e mellorar o **acceso á información e á orientación** sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a estas.
2. Reforzar a estrutura permanente que facilita a **coordinación** entre as administracións autonómicas e a administración central.
3. Empezar unha reflexión rigorosa sobre os **mecanismos de financiamento** da formación das persoas adultas.
4. Implantar e mellorar de forma urxente e efectiva o **sistema de recoñecemento de competencias** adquiridas por vías non-formais ou informais e facilitar por esta vía a reincorporación ao sistema educativo dos adultos que non completaron os estudos obrigatorios.
5. Establecer unha rede de **centros de novas oportunidades** que ofrezan información, atención personalizada e formación en competencias básicas.

6. Mellorar e ampliar a oferta formativa das institucións e organismos que constitúen a sociedade civil en coordinación coas administracións, para asegurar a calidade da oferta e a procura da eficiencia no uso dos recursos.

7. Crear unha cultura da aprendizaxe permanente, na que a persoa sexa a verdadeira protagonista do seu proceso formativo, no que poida decidir que aprender, como aprender e cando aprender mediante a definición do seu propio itinerario formativo no seu proxecto de vida.

8. Propostas concretas en materia de acceso á universidade desde a educación secundaria:

9. Crear un marco común entre as universidades galegas, de xeito que se garanta un acceso único ao alumnado afectado pola implantación das probas finais do bacharelato.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

As Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) son fundamentais no pleno desenvolvemento da creación artística e cultural e na restauración e conservación do noso patrimonio material e inmaterial. Por iso cómpren medidas para a posta en valor dunhas ensinanzas que a lexislación educativa, en plena converxencia con Europa, integra no Espazo Europeo da Educación Superior, no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e no Espazo Europeo de Investigación.

En consecuencia:

1. Promoverase a incorporación das EEAASS ao sistema universitario galego, a través dun período de adscrición que permita a adecuación paulatina do funcionamento dos centros á norma universitaria, incorporando un plan de financiamento que acompañe ese proceso. Dúas medidas ás que se sumarán iniciativas orientadas ao fomento de axudas aos estudos de grao e posgrao, de plans de mellora dos equipamentos e infraestruturas dos centros, e de liñas de fomento da investigación

UNIVERSIDADE E INNOVACIÓN

As universidades son espazos de formación integral. Son lugares de transmisión de coñecementos e formación de profesionais, pero tamén son o territorio máis propicio para a creación de valor a través da innovación e o desenvolvemento. Para que poidan maximizar o seu potencial, a universidade e a empresa han de traballar de forma máis coordinada. Non haberá transferencia eficaz de coñecemento se as nosas empresas non

consideran o investimento en investigación e desenvolvemento a súa prioridade. Só cunha demanda efectiva por parte de empresas investidoras en I+D, a capacidade da universidade en formar técnicos e profesionais, así como en pór a disposición da sociedade o coñecemento, será aproveitada. De pouco valerá un sistema educativo de excelencia se o sistema produtivo non é capaz de recoller ese coñecemento e transferilo ao resto da economía en forma de valor engadido.

Igualmente, hai que facer un esforzo por incardinar mellor as universidades nas cidades e contextos sociais onde operan para que os retornos do investimento sexan aproveitados por toda a sociedade. É innegable o retorno económico do investimento en educación, por tanto hai que recuperar o concepto de servizo público e lembrar os innumerables efectos positivos que a educación superior e o investimento en I+D teñen sobre a contorna máis próxima.

Propostas concretas

1. **Recuperaremos e fortaleceremos o sistema de bolsas** que os gobernos do PP desmantelaron. Como dereito que promove a igualdade de oportunidades, as bolsas son un dereito subxectivo. Demandaremos a transferencia a Galicia da xestión das bolsas que segue a xestionar o Ministerio de Educación.
2. **A suficiencia estrutural do financiamento público universitario** é requisito irrenunciable para poder garantir a equidade do SUG e a súa capacidade para obter resultados e competir no eido internacional de forma colaborativa. Faremos unha xestión activa do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, incorporando novos recursos para novas accións non previstas nel.
3. **Diversificación das fontes de financiamento.** É evidente que os fondos han de provir fundamentalmente da Xunta de Galicia. Agora ben, convén revitalizar a oficina da CCAA coa UE. Os fondos europeos son unha magnífica oportunidade para o financiamento das universidades. Mais é estritamente necesario que o sector privado aposte decididamente polo investimento en I+D mediante fórmulas de transferencia tecnolóxica, colaboracións público-privada no eido investigador e melloras no tratamento do mecenado.
4. Aposta estratéxica por unha **incardinación da universidade na sociedade** nas sete áreas urbanas. Sete campus, sete proxectos de cidades do coñecemento, aproveitando as potencialidades e a especialización. Unha rede galega de sete campus de alta especialización debe de ser a aposta do noso sistema universitario.
5. Débese potenciar decididamente o **Consortio Interuniversitario de Galicia**, que o Goberno do PP ignora, como fórmula eficaz e eficiente para unha aposta

colaborativa do SUG, que permite compartir recursos, potenciar as capacidades de xestión tecnolóxica das nosas universidades e pode servir de eixe vertebrador das titulacións interuniversitarias.

6. Estableceremos unha **ESCOLA DE MESTRADO**, en colaboración coas tres universidades, para a posta en marcha de estudos de mestrado con demanda social en cada área de coñecemento, con criterios de calidade e internacionalización.

7. Estableceremos un **sistema de axudas propio para os estudos de mestrado**.

8. Incluiremos en cada campus **proxectos pilotos** con metodoloxías docentes innovadoras: metodoloxía aprendizaxe-servizo, *team learning*, *team academy*, aprender facendo, aulas inversas etc. Así mesmo, é fundamental comprometer o alumno no proceso da aprendizaxe, mellorando as súas expectativas de inserción no mercado de traballo.

9. Convén, así mesmo, fortalecer as **pontes con Latinoamérica**, de onde podemos aprender e atopar igualmente oportunidades de internacionalización para os nosos títulos.

10. Desenvolver **Programas de Consolidación dos Grupos de Investigación** e apoiar os **investigadores máis novos**:

A. Promover a estabilización dos investigadores en situacións precarias despois de obter contratos Ramón y Cajal ou outros plans de acollida. Priorizar estas intervencións na estrutura laboral antes que as convocatorias de prazas de catedráticos ou melloras de profesorado.

B. Ampliar nun 25% o primeiro ano a dotación para bolsas pre e posdoutorais autonómicas.

11. Completaremos a consolidación das estruturas de investigación creando o **Instituto Galego de Investigación Aplicada**, na liña do ICREA catalán ou o IKERBASQUE.

12. Fomentar a **formación de profesorado**, adaptando os contidos ás novas demandas curriculares, fomentado a formación en habilidades cognitivas e competencias transversais.

13. Promover e profundar na internacionalización do noso sistema universitario, potenciando programas de mobilidade do profesorado e do alumnado, creando os recursos que garantan a igualdade de oportunidades para participar nestes. Unha in-

ternacionalización que non debe circunscribirse a Europa, cos Programas Erasmus, senón que debe ter en conta tamén ou Espazo Iberoamericano do Coñecemento.

14. Reforzar a axencia de innovación, contando coas universidades.

15. A actual fragmentación na xestión das políticas autonómicas en materia de I+D (GAIN, Secretaría xeral de Universidades etc.) está sendo un grave atranco. Debemos apostar por unha xestión unificada, con visión estratéxica global, nas políticas de I+D.

A EDUCACIÓN COMO FACTOR ESTRATÉXICO

Desde o PSdeG insistimos na importancia da educación no futuro de Galicia. Se somos capaces de destacar pola nosa excelencia educativa, seremos capaces de construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e eficiente.

Agora ben, convén insistir en que a Educación, a pesar de ter un valor extraordinario na igualación de oportunidades en orixe, non basta por si mesma para reducir as desigualdades. Unha política de investimento en educación ha de estar coordinada por políticas que actúen igualmente sobre o sistema produtivo e sobre o desenvolvemento económico e social, investindo en I+D, creando máis postos de traballo de alta cualificación e mellorando os servizos públicos, é dicir, un cambio de modelo cara a unha economía sustentable e do coñecemento. Ser quen de poder asegurar en Galicia a retención e atracción dos mozos e mozas con talento é un reto para todos.

Xa que logo, convén remarcar a aposta pola educación como principal factor estratéxico para acadar a Galicia que queremos.